



# XII CONCURSO CARTEL ANUNCIADOR DO XXVIII FESTIVAL DE BANDAS DE MEAÑO 2019

## BASES

A Asociación Cultural Unión Musical de Meaño organiza o XII concurso do cartel para anunciar o XXVIII Festival de Bandas de Música, que se celebrará o domingo 28 de abril 2019.

- 1) Poderán tomar parte neste concurso todas aquelas persoas que o desexen sen límite de idade.
- 2) Cada participante poderá presentar un máximo de dous traballos.
- 3) Todos os traballos presentados deberán versar sobre a música, e o que representa para Meaño o Festival de Bandas. Valorarase positivamente a creatividade, orixinalidade e debendo suxeitarse en sensibilidade e técnica ao que é propio do cartel e non da pintura, e contar cunha clara finalidade divulgadora.

Ademais, deberán incluír de maneira visible os seguintes textos:

- a. XXVIII Festival Bandas de Música
- b. Meaño 2019

- 4) Os carteis serán sempre inéditos, orixinais, **ao menor indicio de plaxio as obras serán descalificadas**. A presentación dos carteis poderá ser das seguintes formas:

- **SOPORTE RIXIDO**: os carteis realizados con técnicas pictóricas (óleo, acuarela, pastel, etc...) deberán vir montados en soporte rixido (bastidor ou cartón pluma). Así mesmo presentarase tamén unha copia do cartel a cor de alta resolución en un disco CD ou memoria USB.

- **SOPORTE DIXITAL**: no caso de tratarse dunha técnica como a fotografía, informática, etc.. deberán ser presentados en soporte dixital, gravados en alta resolución nun CD en formato editable a PDF e noutro formato editable a JPG, ambos escalables a tamaño A3, ou Súper A3. A Asociación Unión Musical farase cargo dos gastos de impresión do cartel.

En canto ao uso de fotografías ou elementos escaneados reais, non serán aceptadas aquelas que, por representar a persoas, animais ou cousas, sexan susceptibles de ser impugnadas ou reclamados os seus dereitos de utilización, por persoas e institucións que poidan acreditar a súa propiedade, sendo o autor o responsable único ante calquera incidencia que por estes motivos se puidese producir.

## ASOCIACION UNIÓN MUSICAL DE MEAÑO

C.I.F.: G-36.143.857

Tfno: 675 580 947

E-mail: [unionmusicaldemeano@gmail.com](mailto:unionmusicaldemeano@gmail.com)



### 5) **Presentación dos traballos:**

Si se trata dunha obra presentada en soporte ríxido, **os traballos presentaranse con un lema**, que deberá **figurar no dorso da obra** sen ningún outro dato.

Si se empregou a técnica de fotografía, informática, etc, presentase o CD co seudónimo do autor.

- En calquera dos casos ademais presentarásese un sobre pechado, onde se incluírá nome e apelidos do autor, (ou autores, se actúan en equipo), domicilio, teléfono, fotocopia do DNI e enderezo electrónico. Ademais incluírá o lema e a declaración firmada á que se refire a Base 11ª, (cubrir o anexo que se adxunta)

No exterior deste sobre, unicamente aparecerá o indicado lema, sen ningún outro texto ou contrasinal (todo elo para preservar a identidade do autor)

- 6) **O lugar** de presentación dos traballos será o **Rexistro Xeral do Ilmo. Concello de Meaño**. O prazo de presentación de traballos remata o **xoves 31 de xaneiro de 2019**.

- 7) Cos traballo admitidos celebrarase unha **exposición** no Hotel-Restaurante “Quinta de San Amaro” (Rúa San Amaro, nº 6, Meaño, Pontevedra) **dende o venres 1 febreiro, ata o sábado 16 de marzo 2019**.

Os visitantes da exposición poderán votar e valorar os traballos expostos no prazo mencionado, estas votacións teranse en conta á hora da valoración por parte do xurado competente.

*Ademais estas votacións, entran no sorteo dunha botella de viño e un aperitivo para catro persoas en dito restaurante.*

- 8) O xurado estará composto polo Presidente da Asociación e tres vogais da mesma designados pola Xunta Directiva da Banda, un representante do Concello, un representante do Hotel-Restaurante Quinta de San Amaro e o voto do público.No caso de empate o voto do público valerá dobre. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, outro representante do Concello de Meaño.

- 9) Outorgaranse os seguintes premios:

1. 1º PREMIO: Cheque ao portador de 300 €, ademais dunha cea para 2 persoas con aloxamento e desayuno, no Hotel Restaurante “Quinta de San Amaro”.
2. 2º PREMIO: aloxamento e desayuno para dúas persoas no Hotel Restaurante “Quinta de San Amaro”.
3. 3º PREMIO: un aperitivo para catro persoas acompañado dunha botella de viño.

## ASOCIACION UNIÓN MUSICAL DE MEAÑO

C.I.F.: G-36.143.857

Tfno: 675 580 947 E-mail: [unionmusicaldemeano@gmail.com](mailto:unionmusicaldemeano@gmail.com)



4. O xurado poderá determinar que os premios poidan quedar desertos.

10) A entrega de premios terá lugar o día da presentación do XXVIII Festival de Bandas de Música no mencionado Hotel-Restaurante, sendo difundido polos medios de comunicación presentes. O día e data será comunicado con antelación aos premiados, que terán que asistir obrigatoriamente ao acto para recibir o seu agasallo.

11) Os carteis que obteñan premio quedarán en propiedade da Asociación, quen fará con el o uso que estime conveniente, reservándose o dereito de reproducilo, no futuro, a tamaño natural ou reducido.

**A tal fin, os cartelistas presentarán xunto coa obra o ANEXO debidamente asinada.** As obras que non conteñan esta declaración debidamente cumprimentada e asinada en caso de ser gañadoras será automaticamente descalificadas.

12) Os carteis non premiados serán retirados polos autores ou persoas debidamente autorizadas, no prazo de 30 días a contar desde o día seguinte ó peche da exposición, transcorridos os cales entenderase que o autor cede á Asociación Unión Musical de Meaño a súa propiedade, podendo esta darlle o destino que crea conveniente.

A Asociación Unión Musical de Meaño non se responsabiliza das embalaxes e custos que conleve a retirada dos carteis.

13) A Asociación Unión Musical de Meaño non será responsable por causa algunha da perda, deterioro, extravío, etc. das obras presentadas a concurso durante o seu prazo de duración, non cubríndose póliza de seguro que cubra os devanditos riscos.

14) **Será responsabilidade dos cartelistas calquera reclamación que poida producirse en relación coa autoría do cartel e o seu posible plaxio, eximindo de toda responsabilidade a Asociación Unión Musical de Meaño.**

15) O fallo do xurado terá carácter inapelable.

16) A presentación de traballos neste concurso implica a total aceptación destas bases.

Meaño, a 4 de xaneiro de 2019

A Xunta Directiva



Asociación Cultural Unión Musical de Meaño

**ASOCIACION UNIÓN MUSICAL DE MEAÑO**

C.I.F.: G-36.143.857

Tfno: 675 580 947

E-mail: [unionmusicaldemeano@gmail.com](mailto:unionmusicaldemeano@gmail.com)



**ANEXO**

---

**FICHA DE INSCRIPCIÓN**

**LEMA**

**NOME**

**APELIDOS**

**DNI**

**DOMICILIO**

**E-MAIL**

**TELÉFONO**

*Declaro formalmente que no caso de ser gañador dun premio, pola presente cedo a propiedade da obra á Asociación Banda Unión Musical de Meaño, que se reserva a todos os dereitos sobre a mesma, incluído o de reprodución, polo período de tempo que as leis nacionais establezan. Así mesmo fágome responsable de calquera reclamación efectuada por terceiros en relación coa autoría do cartel ou o seu posible plaxio.*

*Acepto tódalas bases do XII Concurso Cartel Anunciador do XXVIII Festival de Bandas de Música de Meaño.*

ASINADO: \_\_\_\_\_